

TEMA 6 SOCIAIS.

A POBOACIÓN E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

- **POBOACIÓN ABSOLUTA:** Conxunto de persoas que viven nun territorio.




[Esta foto](#) de Autor desconocido está bajo licencia [CC BY-NC-ND](#)

- **PADRÓN MUNICIPAL:** Documento do Concello no que se rexistra a poboación que vive nun municipio. Publícase cada ano.
- **CENSO:** Documento que contén os datos do padrón e ademais engade outros datos como estudos das persoas, tipos de vivendas... Renóvase cada dez anos.

CLASIFICACIÓN DA POBOACIÓN:

1. Poboación por sexo.

Nº de homes
Nº de mulleres



[Esta foto](#) de Autor desconocido está bajo licencia [CC BY-NC-ND](#)

3. Poboación por actividade.

Poboación activa: Persoas que poden traballar

Poboación ocupada: Persoas que teñen un traballo.

Poboación desempregada: Persoas que están buscando un traballo.


Poboación inactiva: Persoas que non poden traballar, menores de 16 anos, persoas xubiladas ou enfermas.

2. Poboación por idade

Xente nova: 0-16 anos

Adultos: 16 - 65 anos

Anciáns: + de 65 anos.




[Esta foto](#) de Autor desconocido está bajo licencia [CC BY-SA](#)

CAUSAS DOS CAMBIOS DA POBOACIÓN

A poboación dun lugar nunca é algo estático senón que vai cambiando ao longo do tempo.

As causas destes cambios son:

- **A natalidade:** nº de nenos e nenas que nacen nun ano.
- **A mortalidade:** nº de homes e mulleres que morren nun ano.



Esta foto de Autor desconocido está baixo licencia [CC BY-SA](#)

- **Inmigrantes:** nº de persoas que chegan a un lugar para vivir nel.
- **Emigrantes:** nº de persoas que se van para vivir noutro.

Segundo isto:

Nunha poboación onde hai moita natalidade e recibe inmigrantes, o se nº aumentará ese ano, pola contra, se ese ano houbo máis mortalidades e movementos de emigración, esa poboación diminúe.

MOVEMENTOS DE POBOACIÓN

A poboación dun lugar como dixemos cambia.


Son moitas as razóns destes cambios, por traballo, por agrupación familiar...

Os movementos poden ser:


- **MIGRACIÓNS:** Regresan a súa terra, por agrupación familiar, por xubilacións, retornan porque acadaron as súas metas..
- **EMIGRACIÓNS:** Marchan por diversos motivos, escapando de guerras, para buscar traballo, por estudio...

DENSIDADE DE POBOACIÓN

A densidade de poboación indícanos se unha poboación está moi o pouco poboada. So precisamos saber cantas persoas viven nel e a superficie.

$$\begin{array}{l} \text{Densidade} \\ \text{De poboación} \end{array} = \frac{\text{n}^{\circ} \text{ de habitantes}}{\text{S. km cadrados}}$$


Nota: Na imaxe a parte de costa representa zona máis poboada.
A parte do interior menos poboación.




DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN EN ESPAÑA

A poboación en España está desigualmente repartida, así temos:

- **Zonas moi poboadas:** Son as zonas de costa, zonas onde existen fábricas e grande centros comerciais. Son lugares onde chegan **inmigrantes**.
- **Zonas pouco poboadas:** Son todas as zonas de interior agás Madrid. A maioría teñen extensas zonas rurais.

VARIACIÓN DE LA POBLACIÓN ESPAÑOLA 1981-2005



[Esta foto](#) de Autor desconocido está bajo licencia [CC BY-SA](#)

Nota: O crecemento negativo que vedes significa que non medrou a poboación, isto é houbo máis mortalidade ou emigración que nacementos o movementos migratorios de retorno.

SECTORES DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

As persoas realizamos traballos que agrupamos en tres sectores:

SECTOR PRIMARIO

As principais actividades do sector primario son:

- **A agricultura**
- **A gandería**
- **A pesca**
- **A minaría**

SECTOR SECUNDARIO

As principais actividades do sector primario son:

- **A artesanía**
- **A industria**
- **A construción**

SECTOR TERCIARIO

As principais actividades do sector primario son:

- **O comercio**
- **O Transporte**
- **O turismo**

O **sector primario** agrupa as actividades que poden obter os **produtos** directamente **da natureza sin ser transformados**, coma a froita, a carne, leite, pescado... Neste sector traballan poucas persoas, 4 de cada 100 persoas en España e 5 de cada 100 na Unión Europea.

O sector secundario agrupa aqueles traballos que **transforman os produtos** da natureza (**materias primas**) en **produtos elaborados**. Neste sector traballan 20 de cada 100 persoas en España e 27 de cada 100 na Unión Europea. Neste sector atopamos **as fábricas que realizan esta transformación** a través dun proceso industrial, **traballo en cadea**.

O sector terciario agrupa aqueles traballos que non producen obxectos senon que ofrecen servizos ao resto das persoas. Neste sector traballan a maior parte das persoas, 74 de cada 100 persoas en España e 68 de cada 100 na Unión Europea.